

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE REFORZO E MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DURANTE O PERÍODO ESTIVAL

Sanxenxo, 30 de xuño de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Flores Arias, xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, actuando neste acto por delegación do Presidente do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, D. Telmo Martín González, na súa condición de Alcalde Presidente do Concello de Sanxenxo, nomeado na sesión constitutiva da Corporación Municipal do día 17 de xuño de 2023, actuando en nome e representación da entidade local en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.a e b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Os interviñentes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

I.- O Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das

competencias da Xunta para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, de 15 de outubro.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- De conformidade co artigo 50 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a Atención Primaria constitúe o primeiro nivel de acceso ordinario da poboación ao Sistema Público de Saúde de Galicia e caracterízase por un enfoque global e integrado da atención e a saúde e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo/a paciente en calquera punto do sistema sanitario.

As actuacións de Atención Primaria desenvolveranse nos centros de saúde ou noutros periféricos que dos mesmos dependan, nos puntos de atención continuada, así como nos domicilios dos enfermos, nos centros que presten servizos sociosanitarios ou en calquera outro lugar que se determine regulamentariamente.

IV.- No período estival prodúcese un incremento notable da poboación, que se concentra en determinados puntos costeiros que, como o caso do Concello de Sanxenxo, e polo seu atractivo turístico, pasan a acoller un grande número de visitantes, aos que cómpre prestar os servizos básicos que demandan e lle corresponden legalmente.

Entre eses servizos están os correspondentes ao coidado e atención sanitarios, polo que cómpre dispoñer os mecanismos oportunos para a cobertura desa demanda potencial, especialmente no eido da medicina de familia, de xeito que poida ser atendida sen menoscabo da calidade habitual do Sistema Público e Saúde de Galicia.

Para tal efecto, con data 25 de maio de 2022 asinouse un convenio para a posta en marcha no

Concello de Sanxenxo dun programa piloto de reforzo e mellora da calidade dos servizos de Atención Primaria que, no caso de acadar os resultados agardados, podería ser estendido a outras entidades locais que presentan as mesmas necesidades coxunturais ao longo da xeografía da nosa comunidade autónoma.

Tendo en conta os resultados positivos acadados coa implantación do piloto, ambas partes están interesadas en continuar coa colaboración iniciada no ano 2022, co obxecto de implementar o programa durante o presente periodo estival.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é implementar no Concello de Sanxenxo un Programa de reforzo e mellora da calidade dos servizos de Atención Primaria no eido da medicina de familia, tendo en conta os resultados positivos acadados o ano anterior.

Segunda.- Compromisos asumidos polo Servizo Galego de Saúde a través da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, levará a cabo as seguintes accións:

- Avaliación das necesidades de recursos humanos e materiais necesarios para o mantemento dos niveis asistenciais nos servizos de medicina de familia en atención primaria prestados no ámbito territorial do Concello de Sanxenxo durante o período de vixencia do presente convenio (do 1 xullo ao 30 de setembro 2023), establecendo un máximo de catro profesionais.
- Establecemento das directrices do programa e a adopción das decisións necesarias para o seu correcto desenvolvemento.
- Xestión da cobertura das necesidades detectadas.

- Implementación de canles de comunicación e mecanismos de coordinación necesarios para a prestación dos servizos, tanto co concello coma cos dispositivos de atención implicados.
- Integración das necesidades e demandas asistenciais da poboación desprazada, nas propias da Área sanitaria.
- Realización do estudo e análise dos resultados obtidos da implantación do programa.

Terceira.- Compromisos asumidos polo Concello de Sanxenxo.

O Concello de Sanxenxo asume os seguintes compromisos:

- Manter unha liña de comunicación, coa designación dunha persoa responsable, coa Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés co obxecto de comunicar as incidencias que se produzan e que poidan afectar aos niveis de demanda dos servizos de saúde existentes no Concello.
- Prestar o apoio e colaboración necesaria para a implementación do programa, no que atinxa á actividade dos servizos municipais de apoio.
- Realizar as xestións oportunas para que o persoal sanitario desprazado con residencia fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ao concello obteña unha solución habitacional axeitada para que poida cumprir coas funcións e tarefas profesionais durante a duración do programa.
- Asumir as directrices establecidas pola Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés durante a execución do programa.

Cuarta.- Asunción de custes.

No que se refire ao Servizo Galego de Saúde, o custo da implantación do programa será asumido con cargo aos recursos económicos da propia Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, polo que non suporá incremento de custo nin requirirá de dotacións orzamentarias específicas.

No que atinxe ao Concello de Sanxenxo, asumirá con cargo aos seus propios orzamentos os custos derivados do cumprimento dos compromisos adquiridos de conformidade co presente convenio, até un máximo de 32.000 €.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión de seguimento composta por dúas persoas representantes da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, e dúas persoas representantes do Concello de Sanxenxo. Unha das persoas representantes designadas pola Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés presidirá a comisión, e dirimirá co seu voto os eventuais empates que poidan producirse.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Compartir e comunicar os resultados obtidos da implantación do programa nos respectivos ámbitos.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das actuacións previstas no convenio.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación ao convenio.
- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución dos convenios.

Sexta.- Vixencia.

A implantación do Programa ao que se refire o presente convenio terá lugar desde o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2023, ambos inclusive, constituíndo este período o prazo de vixencia do presente convenio.

Sétima.- Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou dos compromisos recollidos neste convenio.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento das decisións e directrices do programa.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique á outra con antelación a

data de finalización da vixencia do convenio.

Sétima.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

Oitava. Transparencia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

Polo Servizo Galego de Saúde
P.D.: o xerente da Área Sanitaria de
Pontevedra e O Salnés

Polo Concello de Sanxenxo

José Flores Arias

Telmo Martín González

